

Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións provisionais de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados pola Resolución do 10 de setembro do 2025

O 10 de setembro de 2025 publicouse na intranet de Xustiza e máis na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

O punto terceiro da dita resolución establece que o prazo de presentación de solicitudes é de cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria (do 11/09/2025 ata o 17/09/2025).

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 2 de setembro de 2024 e pola Resolución do 10 de outubro de 2024,

RESOLVO

Primeiro.- Facer públicas, no Anexo I da presente resolución, as puntuacións obtidas por cada participante da convocatoria así como a listaxe de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no Anexo II da presente resolución, a listaxe das adxudicacións provisionais.

Terceiro.- De conformidade co artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, as persoas interesadas poderán formular reclamacións no prazo de 3 días hábiles contado desde a publicación desta resolución na intranet de Xustiza e mais na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes modificada pola Resolución do 2 de setembro de 2024 e pola Resolución do 10 de outubro de 2024 .

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert



ANEXO I

LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO CORPO DE XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA

Non hai

PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS DO CORPO DE XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA

NOME E APELIDOS	ANTIGÜIDADE	LINGUA GALEGA	PUNT. TOTAL
RAFAEL LÓPEZ ALONSO	0.51	00,00	0.51

LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO CORPO DE AUXILIO XUDICIAL

Non hai

PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS DO CORPO DE AUXILIO XUDICIAL

NOME E APELIDOS	ANTIGÜIDADE	LINGUA GALEGA	PUNT. TOTAL
JOSÉ SALVADOR IGLESIAS FUNCASTA	52,04	12,00	64,04
CÉSAR ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	59,28	08,00	67,28
JOSÉ MANUEL LAMIGUEIRO MARTÍNEZ	05,25	12,00	17,25
CARMEN MARÍA DÍAZ ALONSO	05,25	08,00	13,25



ANEXO II

**LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO CORPO
DE XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA**

Órgano xudicial da desocupación:	Oficina de Xustiza do Rosal		
Código do posto:	XG9258400036048501		
Motivo da desocupación:	Xubilación	Corpo:	CXPA
Persoa Adxudicataria:	Rafael López Alonso		

Órgano xudicial da desocupación:	Oficina de Xustiza de Melide		
Código do posto:	XG9258400015046501		
Motivo da desocupación:	Xubilación	Corpo:	CXPA
Persoa Adxudicataria:	Deserta		

**LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO CORPO
DE AUXILIO XUDICIAL**

Órgano xudicial da desocupación:	Xulgado de Paz As Pontes de García Rodríguez		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CAX
Persoa Adxudicataria:	Artigo 16		

